

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O CORGO E XESTION DO SOLO DE GALICIA - XESTUR, S.A., PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE URBANIZACIÓN DA RESERVA VIARIA RI-1 NO PARQUE EMPRESARIAL DE O CORGO (LUGO).

En O Corgo, a 21 de setembro 2016

REUNIDOS

Dunha parte D. José Antonio Ferreiro González, Alcalde-Presidente do **CONCELLO DE O CORGO**, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que intervéen en nome e representación do devandito Concello, debidamente facultado para este acto.

Doutra parte, D. Jorge Carballeira Fernández, con DNI núm. 33.806.961-C, Xerente da sociedade **"XESTION DO SOLO DE GALICIA - XESTUR, S. A."** (En diante, XESTUR, S.A.) constituída por fusión e extinción das entidades de carácter provincial Xestión Urbanística de A Coruña, S.A., Xestión Urbanística de Lugo, S.A., Xestión Urbanística de Ourense, S.A. e Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A., en escritura autorizada polo Notario de Santiago de Compostela Don Héctor Ramiro Pardo García o día 23 de Decembro de 2013, co número 1.814 e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela ó Tomo 218, Folio 73, Folla SC-47082, Inscripción 1ª. Ten o seu domicilio social en Santiago, Área Central, local 25-Z, 1º (Polígono de Fontiñas), e C.I.F. A-70392758. Intervén en nome e representación da devandita sociedade, estando debidamente facultado para este acto en virtude de acordo do Consello de Administración de data 15.07.16.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: O Concello de O Corgo de acordo co previsto no artigo 25. 1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pode promover, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así mesmo, o artigo 57 da citada Lei 7/1985, contempla os convenios administrativos como forma de cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común.

SEGUNDO: O Obxecto social de Xestur, S.A., inclúe as seguintes actividades:

ARTIGO 2º DOS ESTATUTOS SOCIAIS DE XESTUR, S.A.- OBXECTO SOCIAL

() O obxecto social ven constituído pola realización das actividades dirixidas á*



promoción e xestión do solo empresarial, residencial e construción de edificacións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. O desenvolvemento destas actividades ten por finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar á Comunidade Autónoma de solo suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego, así como de solo para a construción de vivendas dignas e adecuadas, especialmente, aos sectores con menos capacidade económica, actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental.

Inclúense nestas actividades as seguintes:

a) Promoción, adquisición e preparación de solo para asentamentos industriais, residenciais, terciarios e de servizos.

(...)

i) Subscribir convenios con administracións públicas ao obxecto de desenvolver actuacións vinculadas ao obxecto social nos termos establecidos na normativa vixente.

(...)

l) No desenvolvemento dos seus fins, poderá levar a cabo cantas actuacións considere convintes en relación coa elaboración de estudos, redacción de proxectos e plans de ordenación, execución de obras, adquisición, comercialización, permuta e alleamento a título oneroso de solo, equipamento e vivendas, constitución de dereitos reais e gravames sobre bens, xestión e explotación de obras e servizos e calquera outra que considere necesarias cos límites establecidos pola lexislación aplicable da Comunidade Autónoma de Galicia e polo resto do ordenamento xurídico.

TERCEIRO: En consecuencia, e tendo en conta os beneficios que se derivan para os habitantes do Concello de O Corgo, Xestur, S.A. pretende executar o proxecto en réxime de colaboración co Concello afectado. Con este fin, e tendo en conta a diversa natureza das actuacións que implica o proxecto no seu conxunto, cómpre artellar a participación dos órganos con competencias neste caso, a saber, o Concello de O Corgo e Xestur, S.A.

CUARTO: O Obxecto do presente convenio é a execución das obras de urbanización da reserva viaria RI-1 do Parque Empresarial de O Corgo definidas no proxecto redactado polo enxeñeiro de CCP, D. Antonio López López.

O orzamento das obras antes referidas ascende á cantidade de 88.687,54 € (IVE incluído), cantidade na que foi adxudicada a devandita obra polo Concello de O Corgo na sesión da Xunta de Goberno Local celebrda o 9 de setembro de 2016, unha vez tramitado o correspondente procedemento de contratación.

QUINTO: Con estas bases, o Concello de O Corgo e Xestur, S.A. chegan o acordo que se desenvolve nas seguintes:



ESTIPULACIONES

PRIMEIRA: As obras executaranse de acordo co proxecto "URBANIZACIÓN RESERVA VIARIA RI-1 NO PARQUE EMPRESARIAL DE O CORGO (LUGO)", redactado polo enxeñeiro de C.C. e Portos D. Antonio López López, con data febreiro de 2.016.

SEGUNDA: Xestur, S.A. obrígase a:

- a) Asumir o financiamento da redacción do proxecto, a Dirección Facultativa, e a Coordinación de Seguridade e Saúde da execución das obras do proxecto antes citado.
- b) Dirixir, executar e coordinar as actuacións necesarias para a execución do proxecto citado.
- c) Asumir as abrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na estipulación cuarta.

O Concello de O Corgo obrigarase a:

- a) Aportar os terreos nos que se teñan que desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, así como os correspondentes permisos e autorizacións que fosen precisas para levar a cabo as obras.
- b) Aprobar ou, no seu caso, someter a información pública o proxecto, mediante publicación no BOP, e cumprir cos demais trámites previstos, no seu caso, na normativa sectorial que resulte de aplicación.
- c) Contratar as obras de acordo co proxecto redactado.
- d) Recibir as obras, no prazo dun mes, a partir do remate das mesmas, previa visita de comprobación e conformidade polo persoal que o Concello designe ó efecto.
- e) Asumir a titularidade, unha vez recepcionadas as obras, e o seu posterior mantemento e conservación.
- f) Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na estipulación cuarta.

TERCEIRA: ORZAMENTO XERAL.

O custo das actuacións contempladas no presente convenio ascende á contía de 88.687,54 € (IVE incluído).

CUARTA: FINANCIAMENTO.

O Concello de O Corgo farase cargo do 80% da contía do contrato de obra antes citado, que ascende a 70.950,03 € (IVE incluído). Esta cantidade procede da subvención concedida ao Concello de O Corgo pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, para a execución desta obra.

Xestur, S.A. farase cargo da cantidade restante (20% do prezo do contrato de obra), que



ascende a 17.737,51 €, IVE incluído, para financiar a totalidade da obra. Este importe será aboado ao Concello de O Corgo no prazo máximo dun mes, unha vez quede xustificada e certificada a execución do 100% da obra.

QUINTA: As posibles modificacións do proxecto de execución así como unha eventual liquidación definitivas deberán ser a custe cero.

SEXTA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha comisión de seguemento do presente convenio formada por un representante de cada unha das partes. As súas funcións serán as seguintes:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que poidesen xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estime oportuno para o cumprimento do presente convenio.

SÉTIMA: NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

OITAVA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio ten vixencia ata a asunción da titularidade da obra por parte do Concello unha vez realice a súa recepción definitiva, que como máximo terá lugar antes o 31 de decembro de 2016.

NOVENA: EXTINCIÓN DO CONVENIO.

Serán causa de extinción deste convenio as seguintes:

- a) O cumprimento do seu obxecto.
- b) Que resulte inviable a realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- c) O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio

E para que así conste, en proba de conformidade, coas estipulacións deste convenio, asinan as partes o presente documento no lugar e data do encabezamento.

O Alcalde do Concello de O Corgo
D. José Antonio Ferreiro González



O Xerente de Xestur
D. Jorge Carballeira Fernández

